

dos desde a data do aprobado en todos os exames requiridos.

(b) Sempre e cando se obteña unha IR(A) de acordo con (a) anterior, o aprobado no exame de coñecementos teóricos para ATPL(A) será válido por un período de 7 anos desde a última data de validez da IR(A) anotada nunha CPL(A) para a emisión dunha ATPL(A).

(c) O aprobado dos coñecementos teóricos para ATPL(A) será válido por un período de 7 anos desde a última data de validez da habilitación de tipo anotada nunha licenza F/E.

Dous.- Suprímense o apéndice 1 á regra JAR-FCL 1.215 «listas de clases de avión» e o apéndice 1 á regra JAR-FCL 1.220 «listas de tipos de avión», Regras da Orde FOM/876/2003, do 31 de marzo.

Disposición adicional única. *Publicación das listas e clases de avión.*

As listas de clases e tipos de avión contidas ata agora respectivamente, no apéndice 1 ao JAR-FCL 1.215 e o apéndice ao JAR-FCL 1.220 e suprimidos por esta orde, serán publicadas por resolución da Dirección Xeral de Aviación Civil.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 7 de marzo de 2006.

ÁLVAREZ ARZA

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

5207 *REAL DECRETO 285/2006, do 10 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 1123/2000, do 16 de xuño, polo cal se regula a creación e implantación de unidades de apoio ante desastres. («BOE» 70, do 23-3-2006.)*

Tras a entrada en vigor do Real decreto 1123/2000, do 16 de xuño, polo que se regula a creación e implantación de unidades de apoio ante desastres, producíronse novidades normativas que fan necesaria e urxente a súa modificación para a súa adecuación a estas e responder con eficacia aos novos requirimentos.

Por unha banda, produciuse o establecemento e desenvolvemento, no marco da Unión Europea, dun mecanismo comunitario para facilitar unha cooperación reforzada nas intervencións de axuda no ámbito da protección civil. O establecemento deste mecanismo produciuse após o atentado do 11 de setembro en Estados Unidos, mediante a Decisión 2001/792/CE, EURATOM, do Consello, do 23 de outubro de 2001, pola cal se establece un mecanismo comunitario para facilitar unha cooperación reforzada nas intervencións de axuda no ámbito da protección civil, e a Decisión 2004/277/CE, EURATOM, pola cal se establecen disposicións de aplicación da Decisión 2001/792/CE, EURATOM.

Tal e como se especifica no artigo 1 da citada decisión do Consello, o mecanismo comunitario ten como obxectivo xeral proporcionar, logo de petición, apoio en casos de emerxencias importantes ou cando exista un risco inminente destas, e facilitar unha mellor coordinación das

intervencións de axuda aos Estados membros e á Comunidade, tendo en conta as necesidades particulares das rexións e illas ultraperiféricas e doutra natureza da Comunidade.

Unha das obrigas adquiridas polos Estados membros da Unión Europea, en virtude do establecido no artigo 3 da decisión do Consello anteriormente aludida, é a de determinar previamente, dentro dos seus servizos competentes e, en particular, os seus servizos de protección civil ou outros servizos de emerxencia, os equipos de intervención de que se poida dispoñer para as ditas intervencións ou se poidan establecer nun prazo moi curto, con obxecto de seren enviados, xeralmente dentro das 12 horas seguintes á solicitude de axuda, tendo en conta que a composición dos equipos dependerá do tipo de emerxencia e das necesidades particulares desa emerxencia.

As unidades de apoio ante desastres, tal e como están concibidas, teñen tamén a capacidade de actuar, como equipos de intervención, á disposición do mecanismo comunitario, sen prexuízo doutras actuacións a nivel nacional ou internacional para as cales fosen requiridas de conformidade cos procedementos previstos neste real decreto. Con tal finalidade débense establecer as previsións organizativas adecuadas que permitan a súa rápida mobilización de acordo cos procedementos previstos en cada caso.

Por outra banda, produciuse a entrada en vigor do Real decreto-lei 8/2004, do 5 de novembro, sobre indemnizacións aos participantes en operacións internacionais de paz e seguranza, cuxo obxecto é o de establecer un sistema de indemnizacións cando se produza a morte ou danos físicos ou psíquicos a determinado persoal participante en operacións de mantemento da paz, de asistencia humanitaria ou noutras de carácter internacional que fosen aprobadas especificamente polo Goberno para estes efectos.

Non todas as persoas que poden ser membros das unidades de apoio ante desastres están comprendidas no ámbito persoal de aplicación do mencionado real decreto lei, polo que é necesario adecuar determinadas disposicións do Real decreto 1123/2000, do 16 de xuño, co obxecto de axustalo ás previsións daquel.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Asuntos Exteriores e de Cooperación e do Interior, logo de informe da Comisión Nacional de Protección Civil, logo de aprobación do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 10 de marzo de 2006,

DISPÓÑO:

Artigo único. Modificación do Real decreto 1123/2000, do 16 de xuño, polo que se regula a creación e implantación de unidades de apoio ante desastres.

O Real decreto 1123/2000, do 16 de xuño, polo que se regula a creación e implantación de unidades de apoio ante desastres, modifícase nos termos seguintes:

Un. Modifícase o artigo 2, que queda redactado como segue:

«Artigo 2. Áreas de actividade.

Serán áreas de actividade que deberán desempeñar estas unidades aquelas que resulten adecuadas para atender eficazmente as necesidades que se producen en situacións de emerxencia e fundamentalmente as seguintes:

a) Análise e coordinación no marco do mecanismo comunitario para facilitar unha cooperación

reforzada nas intervencións de axuda no ámbito da protección civil.

- b) Busca e salvamento.
- c) Asistencia sanitaria de emerxencia.
- d) Apoio psicolóxico en emerxencias.
- e) Organización de áreas de albergue provisional e asistencia social.
- f) Restablecemento de servizos esenciais.
- g) Telecomunicacións de emerxencia.
- h) Intervención ante riscos biolóxicos, químicos e radiolóxicos.
- i) Identificación de vítimas de desastres.
- j) Apoio lóxico ás intervencións».

Dous. Modifícase o punto 1 do artigo 3 que queda redactado do seguinte xeito:

«1. As unidades de apoio ante desastres (UAD) poderán prestar os seus servizos tanto en territorio español como fóra deste, por instancia, neste último caso, dos órganos competentes do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, de conformidade co procedemento previsto, para cada unha das modalidades de intervención, no artigo 9 deste real decreto.»

Tres. Modifícase o punto 3 do artigo 5 que queda redactado do seguinte xeito:

«3. Os integrantes das unidades de apoio ante desastres que reúnan os requisitos establecidos no artigo 2 e na disposición adicional primeira do Real decreto lei 8/2004, do 5 de novembro, sobre indemnizacións aos participantes en operacións internacionais de paz e seguranza, terán dereito ás prestacións previstas nos seus artigos 1 e 3, en caso de morte, danos físicos ou psíquicos, por motivo da súa participación nunha operación de axuda no estranxeiro.

En previsión da ocorrencia das citadas eventualidades en operacións que transcorran en territorio español ou nos casos en que non fose aplicable o citado Real decreto lei 8/2004, os membros das unidades de apoio ante desastres terán dereito a un seguro ou a outra garantía financeira que outorgue prestacións iguais ás establecidas no artigo 1 do Real decreto lei 8/2004.

Así mesmo, terán dereito a aloxamento, manutención e transporte durante as misións que se desenvolverán en caso de emerxencia e cando participen en actividades de formación e prácticas.

O Ministerio do Interior, en execución deste real decreto, ditará a disposición conveniente para reembolsar, se é o caso, os gastos deste carácter en que poidan incurrir os participantes.»

Catro. O punto 4 do artigo 7 queda modificado no seguinte xeito:

«4. As actuacións en emerxencias das unidades de apoio ante desastres axustaranse ás que son propias das súas correspondentes áreas de actividade e condicionasen a súa mobilización, agás que voluntariamente acepten efectuar outras tarefas distintas.»

Cinco. Modifícanse os puntos 3 e 4 do artigo 8 que queda redactado do seguinte xeito:

«3. O Ministerio do Interior, a través da Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias, correrá cos gastos derivados das intervencións das unidades en territorio español e de todas aquelas que se desenvolvan no marco do mecanismo comunitario de cooperación en protección civil, establecido pola Decisión 2001/792/CE, EURATOM, do Consello, do

23 de outubro de 2001. Farase cargo, así mesmo, da contratación e do gasto do aseguramento do persoal das unidades non comprendido no ámbito de aplicación do Real decreto lei 8/2004, do 5 de novembro, agás que o dito gasto quede a cargo da entidade de que depende o dito persoal, no correspondente convenio de constitución.

4. En caso de que as unidades fosen requiridas para unha intervención no estranxeiro, fóra do marco do mecanismo comunitario, o órgano competente do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación correrá a cargo dos gastos de aloxamento, manutención e transporte, necesarios para o desempeño das actividades, así como dos gastos correspondentes aos elementos ou accesorios perdidos ou danados que deban repoñerse despois de cada actuación.»

Seis. O artigo 9 queda redactado como segue:

«Artigo 9. Intervencións das unidades de apoio ante desastres fóra do territorio español.

1. A solicitude de mecanismo comunitario de cooperación en protección civil da Unión Europea.

a) A Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias, do Ministerio do Interior, manterá as necesarias relacións de coordinación co centro de control e información do mecanismo, creado pola Comisión Europea en virtude da Decisión 2001/792/CE, EURATOM, do cal recibirá entre outras informacións, as solicitudes de axuda de equipos de intervención en emerxencias.

b) A Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias, do Ministerio do Interior, en coordinación coa Subsecretaría do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, valorará a solicitude formulada e efectuará, a través do centro de control de información do mecanismo, a oferta de fornecemento de equipos de intervención que resulte adecuada. Para iso, en coordinación coa Dirección Xeral de Política de Defensa teranse en conta as posibilidades de apoio lóxico do Ministerio de Defensa, particularmente no relativo ás necesidades de transporte dos ditos equipos.

c) A coordinación coas autoridades do país afectado, co centro de control e información do mecanismo e con outras organizacións internacionais, mentres dura a misión, así como o repregamento operativo cando a axuda deixe de ser necesaria ou finalizase o período previsto para a misión, efectuarase de acordo coas normas e procedementos establecidos no marco do mecanismo comunitario.

2. A solicitude do órgano competente do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

O órgano en cada caso competente do dito Ministerio poderá adoptar a decisión do envío ao estranxeiro dos grupos de intervención que resulten necesarios, dentro das dispoñibilidades existentes, das cales previamente informará a Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias, e de acordo cos requirimentos do país afectado pola situación de emerxencia. Igualmente lle corresponderá ao órgano competente do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación a decisión de retorno a España dos grupos de intervención, unha vez finalizadas as súas misións ou cando outras circunstancias sobrevidas o fixesen aconsellable.

Os órganos do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación encargados da xestión da axuda ao exterior e a Dirección Xeral de Protec-

ción Civil e Emerxencias, coa colaboración, da Dirección Xeral de Política de Defensa e, se é o caso, doutros órganos e entidades que poidan achegar medios e recursos, elaborarán un programa específico de actuación para a situación de que se trate, incluíndo efectivos para mobilizar, lugar de destino, modalidade de transporte e procedementos de coordinación coas autoridades locais, así como todas aquelas circunstancias relativas ao albergue, mantenza e, en xeral, apoio loxístico aos grupos de intervención mentres a misión se prolongue, en coordinación coas autoridades do país afectado e coa Embaixada de España. Por último, incluíranse as datas previstas para a finalización da misión.

Os órganos do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación encargados da xestión da axuda ao exterior levarán a cabo, de acordo co disposto no artigo 19 da Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento, a coordinación, o seguimento e a avaliación das actuacións efectuadas, así como a coordinación desta forma de axuda con outras que puidesen ser prestadas polo noso país nas mesmas situacións.

A Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias recibirá toda a información necesaria respecto das actividades desenvolvidas para a súa tramitación ao centro de control e información do mecanismo comunitario de cooperación en protección civil, de conformidade cos procedementos establecidos por este.

3. En virtude de tratados internacionais e convenios bilaterais xa subscritos por España en materia de protección civil e emerxencias.

a) As unidades de apoio ante desastres poderán ser mobilizadas pola Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias para a súa intervención fóra do territorio español, co obxecto de cumprir compromisos fóra do territorio español adquiridos por España en tratados internacionais ou convenios bilaterais de cooperación, en materia de protección civil e axuda mutua en caso de emerxencia ou catástrofe. A dita mobilización efectuarase en coordinación co órgano en cada caso competente do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, e de acordo cos procedementos particulares establecidos no tratado ou convenio de que se trate.

b) A Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias manterá informado respecto das actividades desenvolvidas ao centro de control e información do mecanismo comunitario de cooperación en protección civil e á Axencia Española de Cooperación Internacional e recadará, se é o caso, da Dirección Xeral de Política de Defensa, o apoio loxístico do Ministerio de Defensa que for necesario.»

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de marzo de 2006.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

XEFATURA DO ESTADO

5283 *LEI 2/2006, do 23 de marzo, pola que se crea o Consello Xeral de Colexios de Ópticos-Optometristas.* («BOE» 71, do 24-3-2006.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

Exposición de motivos

A Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais, establece, no seu artigo 4.4, que cando nunha determinada profesión existan varias organizacións colexiais de ámbito territorial inferior ao nacional se constituirá un consello xeral de colexios; a creación deste consello debe ter lugar mediante lei do Estado, a teor do previsto no artigo 15.3 da Lei 12/1983, do 14 de outubro, do proceso autonómico.

A situación antes descrita prodúcese na actualidade en relación coa profesión de óptico-optometrista. O Colexio Nacional de Ópticos-Optometristas foi o único existente no territorio nacional ata o ano 2001. A partir de entón, as comunidades autónomas de Cataluña e de Castilla y León constituíron, no exercicio das súas competencias en materia de colexios profesionais, os seus correspondentes colexios de ópticos-optometristas. Así mesmo, a Comunidade Valenciana e a Comunidade Autónoma de La Región de Murcia solicitaron a creación por segregación dos seus respectivos colexios de ópticos-optometristas. En consecuencia, resulta procedente constituír mediante esta lei o correspondente Consello Xeral de Colexios de Ópticos-Optometristas.

Artigo 1. *Creación.*

Créase o Consello Xeral de Colexios de Ópticos-Optometristas como corporación de dereito público, que terá personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins de acordo coa lei.

Artigo 2. *Relacións coa Administración Xeral do Estado.*

O Consello Xeral de Colexios de Ópticos-Optometristas relacionarase coa Administración xeral do Estado a través do Ministerio de Sanidade e Consumo.

Disposición transitoria primeira. *Comisión xestora.*

1. No prazo de dous meses desde a entrada en vigor desta lei, constituirase unha comisión xestora composta por dous representantes do Colexio Nacional de Ópticos-Optometristas e un representante por cada un dos demais colexios oficiais de ópticos-optometristas existentes no territorio estatal, sempre que fosen ou sexan formalmente creados pola correspondente comunidade autónoma.

2. A comisión xestora elaborará no prazo de seis meses, contado desde a entrada en vigor desta lei, uns estatutos provisionais reguladores dos órganos de goberno do Consello Xeral de Colexios de Ópticos-Optometristas, nos cales se deberán incluír as normas de constitución e funcionamento dos ditos órganos, con determinación expresa da competencia independente, aínda que coordinada, de cada un deles.

3. Os estatutos provisionais remitiranse ao Ministerio de Sanidade e Consumo, que verificará a súa adecuación.